



ACTO PRESENTACIÓN PÚBLICA DO FORO POLA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA

Santiago a 13 de marzo de 2018



QUE É O FORO POLA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA

Reunidos en Santiago de Compostela a 19 de xaneiro de 2018 e despois das xuntanzas celebradas o 15 de xullo o 25 de outubro e o 1 de nadal de 2017; as entidades que a continuación se relacionan como organizacións máis representativas das diferentes familias que conforman a economía social en Galicia:

- AEIGA, Asociación de empresas de inserción de Galicia
- AESGAL, Agrupación empresarial de sociedades laborais de Galicia
- AGACA, Asociación galega de cooperativas agroalimentarias
- CEGASAL, Asociación galega de centros especiais de emprego
- ESPAZO COOP, Unión de cooperativas de Galicia

Acordamos constituír o FORO POLA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA como un espazo de encontro que represente a todas as entidades da economía social Galega e que busca o desenvolvemento da economía social galega.

A modo de declaración de principios manifestamos que:

1. Nos recoñecemos como parte significativa do sector da economía social en Galicia e aceptamos os principios, valores, ética e formas específicas de funcionamento e gobernanza das nosas entidades e as que recolle a Lei 6/2016 da economía social de Galicia.
2. Considerando que a economía social esta feita de persoas para persoas e coas persoas é esencial que as accións das entidades que a conforman tome en conta a afirmación dos valores e principios que as orientan como son a subordinación das achegas de capital fronte ao traballo e ás persoas, sendo considerado como un instrumento que garanta a viabilidade das organizacións, a distribución da riqueza xerada, para as persoas socias ou para o interese xeral, a solidariedade interna en termos de igualdade de oportunidades, o fortalecemento da democracia institucional e económica.
3. A Economía Social constituímos unha realidade de vital importancia para o emprego, a sustentabilidade, a distribución equitativa da riqueza tanto a nivel europeo como estatal e galego.
 - **13,6 millóns de empregos remunerados** en Europa, o que representa o **6,3%** da poboación activa total da UE-28.
 - As empresas da economía social en España representamos o 10% do PIB, 12,5% do emprego e un 42,8% da poboación está vinculada a unha entidade de economía social. É modelo que aposta polas persoas xa que o 80% do emprego que xeran é estable-contrato indefinido.
 - En Galicia, segundo datos da Xunta de Galicia, a economía social empregamos a 320.000 persoas e representa un 10% do PIB Galego.
4. A Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia, fixa os obxectivos e principios para o fomento, promoción e apoio a este sector e **recoñece de interese xeral e social**

a promoción, o estímulo e o desenvolvemento das entidades da economía social en Galicia.

- Ademais de xerar riqueza, distribuímos a riqueza moito máis que outras organizacións.
 - Destruímos un 6., % de emprego menos que o resto das organizacións, xerando un emprego de calidade, cun 80% de contratos indefinidos.
 - Temos unha maior capacidade de resistencia, permitindo a supervivencia de empresas en crise e xerando 29.000 novas empresas nos últimos 8 anos no estado.
 - Estamos integradas nun territorio, cohesionando a súa poboación e sendo dinamizadores na comunidade.
 - Somos especialmente sensibles coa integración laboral das persoas con discapacidade e en situación de exclusión social, co respecto medioambiental e coa redución das desigualdades de xénero.
 - Somos a expresión de novas formas e xeitos de facer empresa, onde o modelo económico sexa sustentable e no que as persoas estean no centro da toma das decisións, cuxo motor principal non sexa a maximización do beneficio, senón en xerar e distribuír riqueza para a sociedade.
5. A pesar das importantes cifras que representamos e dos aspectos de interese xeral que aportamos, a Economía Social **seguimos a ser unha gran descoñecida** por parte da sociedade en xeral e en particular para os principais axentes políticos, económicos, sociais e da comunicación.
6. Que para que sexa posible un desenvolvemento máis sostible económica, social e medioambientalmente en Galicia, faise preciso un maior crecemento e fortalecemento das organizacións da economía social, tanto en número como en actividade para así acadar maiores cotas de xeración de emprego e benestar.
7. As organizacións aquí convocadas representamos

Nº de organizacións	371
Volume de ingresos	1.616, 5 millóns de euros
Nº Emprego	9.276 empregos directos

QUE OXECTIVOS PERSIGUE

Os obxectivos a acadar polo FORO POLA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA son:

- Visibilizar Economía Social perante a sociedade e os principais axentes económicos.
- Representar os intereses da economía social perante os diferentes axentes políticos, económicos e sociais.



- Xerar condicións para o desenvolvemento das entidades de economía social galega a través da intercooperación e o acceso aos procesos de contratación pública.

PROPOÑEMOS

- A existencia de datos oficiais relativos ao que representa a Economía Social en Galicia e así nos saque da invisibilidade.
- Que a Economía Social teña a presenza acorde o seu peso económico nos foros onde se toman decisións e que teñen que ver co desenvolvemento económico, social e de emprego.
- Que dende as administracións públicas se aproveite a oportunidade que posibilita a nova Lei de contratos do sector público no que respecta a incorporación de cláusulas sociais e mercados reservados para Centros Especiais de Emprego e Empresas de Inserción de forma específica.

ASINAN

Para que conste aos efectos oportunos asinamos a presente Declaración pola Economía social Galega, en Santiago de Compostela a 13 de marzo de 2018.

Celso Gandara Carnero, presidente de ESPAZO COOP

José Montes Pérez, presidente de AGACA

José Antonio Vázquez Freire, presidente de CEGASAL

Eduardo Salido Blanco, presidente de AESGAL

Miguel Fernandez Blanco, presidente de AEIGA

